

## **Significado de Luis Seoane no contexto da cultura galega do século XX**

Xosé Díaz Arias de Castro

Se hai algunha característica que define a Luis Seoane, é a da súa condición de creador polifacético. Estamos diante dunha figura de gran complexidade, dun artista que cultivou numerosas disciplinas e puxo en marcha iniciativas que foron máis aló da súa tarefa plástica: pintor, gravador, debuxante, ilustrador, muralista, deseñador, editor, escritor, xornalista, promotor cultural e industrial... O resultado foi unha vida fértil, chea de vicisitudes, e unha obra extensa e diversa que se caracterizou pola súa vontade de dotar á cultura galega dunha dignidade que, xa fose polo atraso secular, ou pola catástrofe que ocasionou a guerra civil, el quixo dar continuidade desde o exilio, cuns plantexamentos rexeneradores e vangardistas que bebían da historia, as tradicións populares e as formas culturais autóctonas. Da súa vida e da súa extensa e complexa obra falaremos a continuación.

A vida de Luis Seoane —como a do Ulises que regresa a Ítaca tras non poucos incidentes— vai ser unha permanente viaxe de regreso, da Arxentina da emigración e do exilio á Galicia que houbo de abandonar por motivos primeiro económicos e despois de persecución ideolóxica. Do fogar de emigrantes galegos en Bos Aires, onde nace en 1910, regresa a Galicia cando cumple 6 anos, instalándose na Coruña, a carón Faro de Hércules, cuxos fachos de luz xunto coas ondas do mar do Orzán converteranse en lugares simbólicos que plasmará en moitas das súas obras ao longo da súa vida. A luz da vella torre inundará e iluminará a súa futura obra plástica e literaria.

En Compostela, cidade á que a familia se traslada en 1920, vivirá até 1934. Aquí terá lugar a súa formación académica e, a máis importante: a súa formación artística e política. A artística da man do seu mestre Carlos Maside, unha persoa que coa súa extraordinaria calidade humana, as súas inquedanzas plásticas e intelectuais e o seu compromiso con Galicia e a modernidade, constiúen para Seoane o facho que iluminará a súa xuventude e o iniciará no coñecemento e valoración do mundo campesiño e as súas tradicións, e nas formas herdadas do románico, que os dous debuxan compulsivamente, despois de visitar o Pórtico da Gloria ou os antigos códices miniados composteláns. A admiración que Luis Seoane sinte por Carlos Maside deriva nunha sólida e perdurable amizade. Anos despois

Seoane lembrará esta etapa: "Tratei de servirme do meu coñecemento do pasado para as miñas experiencias gráficas. O gosto polas prehistóricas insculturas nas rochas, abondosas en Galicia, polas inscricións dos sartegos romanos que tamén alí abundan, e polos miniados medievais. Maiormente, aqueles do cartulario da catedral compostelana, do Tumbo A, e os do Diurnal de Fernando I, cuxas páxinas epigráficas son as máis ricas da antiga librería española. Seoane consideraba o Medioevo como a etapa máis brillante da historia de Galicia, que resultou un foco de constante inspiración para a súa obra plástica e literaria, convertendo estes séculos nun espazo simbólico de recuperación identitaria e moral capaz de restablecer as bases da autoestima. Seoane facía seu o pensamento de José Saramago: "Hai que recuperar, manter e transmitir a memoria histórica, porque se comeza polo esquecemento e se termina na indiferencia". Paralelamente a esta aprendizaxe nas raiceiras culturais de Galicia, Seoane está atento ás vangardas que agromaban en Europa, que estuda compulsivamente, en especial o expresionismo alemán, e en particular a obra satírica de George Grosz, o debuxante antifascista berlinés, que plasmou maxistralmente a decadencia e deriva da sociedade teutona na etapa de entreguerras. Grosz foi para Seoane o paradigma de artista xenial e responsable, cuxa influencia deixará unha fonda pegada na súa actitude intelectual, así como nos trazos e nos temas da súa obra debuxística. El mesmo lembrábo así: "Coñecemos as experiencias tipográficas futuristas e cubistas, as rusas de arredor de 1920, as de El Lissitzky, as de Werkman en Holanda, os traballos modernistas do escultor e gravador Eric Gill, a nova tendencia dos construtivistas alemáns, os ensaios do letón Nikolaus Strunke, os de Herbert Bayer no Bauhaus...". Vemos, pois, que Luis Seoane está estudando a antiga cultura de Galicia á vez que se está informado do que está a acontecer na Europa do seu tempo. Esta é a súa característica máis importante: a de avanzar cara adiante pero sen esquecer o pasado, porque, como dixo Soren Kierkegaard: "a vida vívese cara adiante, pero se entende mirando cara atrás".

En canto á súa formación política, Compostela foi abondosa nesta materia, xa que a súa militancia na FUE, a Federación Universitaria Escolar, na que tivo especial protagonismo en todas cantas accións se levaron a cabo contra a ditadura de Primo de Rivera, desde posicións ideolóxicas de esquerda radical e galeguista, converteuno xa de estudante nun mozo de gran actividade política. "Aqueles anos coa súa desorde —lembraba Seoane— enriqueceron a nosa vida máis que ningún sistema de estudos da Universidade, á que nós dabamos vida". Participa, asimesmo, na creación da Federación Republicana Gallega e na Agrupación Nacionalista Independente, formando parte do equipo que está a traballar no Anteproxecto de Estatuto de Galicia, que prepara a sección de Ciencias Xurídicas do Seminario de Estudos Galegos. A súa actividade política complementase coa publicación dos seus debuxos satíricos en diversos medios de comunicación, como El Pueblo Gallego ou as revistas Universitarios, Ser e Claridad, que el axudou a fundar e dirixir.

Á súa actividade política e artística engádese a de promotor cultural, sendo o editor, ilustrador e deseñador dos tres primeiros poemarios de Álvaro Cunqueiro, Mar ao norde, Poemas do si e non e Cantiga nova que se chama Riveira. Cabe mencionar a súa colaboración con Ánxel Casal na imprenta e editorial Nós, obradoiro no que entra en contacto coa profesión tipográfica, que xamais abandonaría, realizando alí os seus primeiros ensaios coas artes gráficas, que habían de condicionar todo o seu labor plástico ao longo da súa vida. Nesta etapa republicana Seoane entra en contacto con Federico García Lorca, nas viaxes que este realiza a Galicia en 1932 e 1933, poeta ao que homenaxeará en diversas ocasións xa en Bos Aires, editando e ilustrando algúns dos seus poemarios. Así pois, debuxando, ilustrando, diagramando, editando, escribindo e impartindo conferencias, o labor político de Seoane complementáse co seu labor artístico.

Dous anos despois de rematar a carreira de Dereito, regresa á Coruña en 1934, onde exerce de avogado laboralista xunto ao destacado político Ramón Suárez Picallo. Na Coruña formaliza a súa relación con Maruxa, a compañeira e colaboradora que o acompañará en adiante. Na Coruña afíliase ao Partido Galeguista e continúa coa súa actividade política e cultural, participando nos faladoiros do Café Galicia, con Antón Villar Ponte, Plácido Rodríguez Castro, Luis Huici ou Francisco Miguel, entre outros. Despois do trunfo da Fronte Popular en febreiro de 1936 Seoane implícase en corpo e alma no Plebiscito do Estatuto de Autonomía, participando en actos propagandísticos e deseñando o célebre cartel onde un polbo xigantesco simboliza o centralismo. “O Estatuto libertará a Nosa Terra” reza o texto do cartaz, que xunto cos de Castelao, Camilo Díaz Baliño e Isaac Díaz Pardo, axudarán ao éxito da consulta.

Co golpe de estado contra a República en xullo de 1936, Seoane é ameazado de morte pola Falanxe e, tras pasar dous meses agachado, logra fuxir a Lisboa onde embarca en setembro cara Bos Aires. Alí comezará unha intensa actividade a favor da República, denunciando os crimes dos golpistas, entre cuxas vítimas se atopan moitos dos seus amigos e colegas. O exilio será longo, pois pasarán case 30 anos até que poda regresar a Galicia. Pero Seoane tamén é cidadán arxentino, e ten pasaporte dese país, de maneira que en poucos anos, ademais de desenvolver unha actividade febril na dinamización cultural e política da Galicia do exilio, convértese nun personaxe imprescindible do ámbito cultural da República Arxentina, á que representa mundo adiante nos máis importante foros culturais, exposicións e bienais internacionais.

En 1937 xa está publicando Trece estampas de la traición, un pequeno álbum de debuxos no que quere amosar ao mundo a brutal represión na Galicia controlada polos sublevados. É o primeiro libro que publica da súa extensa e significativa

producción editorial en Arxentina, tan só seis meses despois de chegar a Bos Aires: trece debuxos entre a sátira e a denuncia que constitúen, xunto cos álbums de Castelao, un documento excepcional da dramática realidade galega.

Axiña entra en contacto con outros compañeiros exiliados, cos que leva adiante unha importante acción cultural. Con Arturo Cuadrado, Lorenza Varela, Rafael Dieste ou Antonio Baltar crea editoriais: As colección Dorna, Hórreo e Buen Aire, en Emecé Editores, as Editoriais Nova, Botella al mar e Citania. Funda revistas: De mar a mar, Correo Literario, Cabalgata e Galicia Emigrante, e crea unha audición radial con este mesmo nome, Galicia emigrante, que se emite ininterrumpidamente por radio, en Onda LS 10 Radio Libertad, de 1954 a 1971, audición para a que Seoane escribe 1.337 crónicas referidas a temas diversos de historia, actualidade, arte ou cultura de Galicia. É dicir: Seoane non se detén, non se arredra ante nada, a súa actividade é frenética, pois a maiores despreza unha actividade artística xigantesca, primeiro debuxando, onde a súa autoridade é recoñecida internacionalmente, como a distinción que en Nova York obtén en 1945 o seu álbum Homenaje a la Torre de Hércules, seleccionado polo American Institut of Graphic Arts e a Pierpont Mongan Library como un dos dez mellores libros de debuxo publicados no mundo entre 1935 e 1945; entre eles está a Historia Natural de Buffon, ilustrada por Picasso.

A partir deste ano, 1945, Seoane comeza unha actividade pictórica meteórica que non abandonará e que o situará no cumio e o recoñecemento oficial, ao recibir en 1962 o Premio Palanza, a máis alta distinción das artes plásticas arxentinas, así como o seu nomeamento en 1968 como membro da Academia Nacional de Belas Artes da República Arxentina. Paralelamente á súa actividade pictórica desenvolve unha importante actividade como muralista cuxo culmen é o gran mural que realiza en 1957 nun dos centros culturais máis prestixiosos de latinoamérica, o Teatro Municipal General San Martín, titulado “O nacemento do teatro arxentino”, unha enorme pintura de 11 x 33 metros que, a maiores da súas funcións estéticas, consegue vertebrar os diversos espazos de acceso ao teatro.

Pero Seoane non se queda na plástica, conventéndose nun dos principais referentes do deseño gráfico arxentino dos anos coarenta e cincuenta, participando coa súa gráfica no celeberrimo boom editorial dese país.

Todo ese labor artístico e de dinamización editorial está acompañado dunha considerable obra literaria, onde a poesía, a narrativa, o teatro, o ensaio e o xornalismo estarán ao servizo de Galicia, da recuperación da súa memoria histórica, da denuncia das inxusticias e da dignificación da súa cultura. Todo o

labor de Seoane actúa como ponte entre a Galicia anterior á guerra civil e as novas xeracións, tratando de encher a etapa dos anos escuros da ditadura cunha obra que continúa en clave de progreso as aspiracións das vangardas esnaquizadas en 1936.

Xa convertido nun destacado representante da cultura arxentina, comeza o seu retorno a Galicia a partir de 1963, tendo A Coruña como base de operacións. Aquí, a carón de Isaac Díaz Pardo, pon en marcha os emprendimentos culturais e industriais do Laboratorio de Formas, a sociedade instrumental que concibiran xuntos na Arxentina para materializar e encamiñar unha serie de proxectos en Galicia orientados a promover a memoria histórica. Nese ano fundan Ediciós do Castro; en 1967 inician o proxecto de restaurar a actividade cerámica de Sargadelos, unha empresa nacida na Ilustración que eles entendían como un exemplo de como transformar as materias primas galegas en produtos de alto valor engadido e evidente carácter identitario, para a que Seoane diseña as súas primeiras pezas; ou Seminario de Sargadelos, que despregou unha importante labor investigadora e pedagóxica ao longo de 40 anos, por citar só algúns dos proxectos realizados polo Laboratorio de Formas. Na Coruña, Luis Seoane instala o seu fogar e o seu obradoiro no sexto andar da Torre Coruña, no Paseo de Ronda, desde onde pode contemplar o seu querido mar do Orzán, tantas veces pintado, debuxado e evocado nas súas múltiples crónicas. Alí, o día 5 de abril de 1979, catro días despois do seu 69 aniversario, véuno buscar a parca para engrosar a lista de ilustres galegos que Castela encetou na súa célebre ringleira de Alba de Goria.

Toda a obra plástica de Luis Seoane está preñada dun forte carácter emocional, nun intento descomunal de dignificar a cultura de Galicia, rescatando a historia, as tradicións e os acontecementos en clave contemporánea para poñelos a disposición das novas xeracións.

Hoxe Galicia, en xeral, e A Coruña, en particular, poden estar orgullosas de posuír e acceder a unha parte importante da obra de este xenial creador, pois a Fundación que leva o seu nome, que se atopa a poucos metros deste escenario, a carón do Xardín de San Carlos na cidade vella, custodia un material único, entre obras artísticas e documentación: un conxunto de máis de 3.000 obras orixinais e unha valiosísima documentación imprescindible para comprender un anaco esencial da cultura galega do século XX. Estamos seguros de que este legado axudará a que a memoria de Luis Seoane perdure por moitos anos e o seu descomunal esforzo consiga prender na Galicia do futuro.